



Por décimo ano, Amigos da República, asociación apartidaria que reúne en Ourense, como o seu nome indica, a amigos/as republicanos/as, quere lembrar nestas datas a II República e os valores que defendeu, valores todos eles fundamentais para o desenvolvemento da sociedade: Liberdade, Igualdade, Fraternidade e Laicismo.



Os seus integrantes **Xaime Quessada, José Luis de Dios, Virxilio, Xabier Pousa, (pintores) e Acisclo Manzano, Manolo de Bucíños, Arturo Baltar (escultores)** son os protagonistas deste ano, xa que pertencen a unha xeración que bebeu nos valores da República e que tanto polo seu traballo como polo compromiso ideolóxico tentaron que a liberdade regresara tras a “longa noite de pedra”, que dixo Celso Emilio Ferreiro.

Un dos sinais de identidade da nosa asociación é querer representar aqueles valores en persoas do noso entorno. Nesta ocasión queremos homenaxear aos ARTISTIÑAS, grupo de artistas ourensáns ou residentes nesta cidade denominados así polo escritor Vicente Risco, con quen se reunían e falaban do humano e o divino na taberna ourensá do Tucho, na praza do Eirociño dos Cabaleiros. Risco comezou a chamar a aquela taberna O Volter xa que lle lembraba ao Cabaret Voltaire dos dadaistas en Zurich.



AS HOMENAXES FEITAS POLOS AMIGOS DA REPÚBLICA

- 1998 - Pepín e Honesta
- 2000 - Luís Taboada
- 2001 - Josefina González Cudeiro, Maruja González Cudeiro, Luisa González Cudeiro, Fina Priede Priede, Gloria Rodríguez Sánchez, Concha Limia Nóvoa
- 2002 - José Bóveda Formigo
- 2003 - Camilo de Dios
- 2004 - Veciños de Cambedo
- 2005 - Clemente Jimenez
- 2006 - Julio Alonso Losada
- 2007 - Camilo Pérez Pato e Manuel Prieto García



L	M	M	X	V	S	D
	1	2	3	4	5	6
7 DIA REPÚBLICA	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30				

PROGRAMA DE ACTOS

9 de Abril - Ateneo de Ourense - Presentación do Libro

20 horas

CANTEIROS DA TERRA DE MONTES NO EXÉRCITO POPULAR
DA REPÚBLICA. ÁLBUM DE GUERRA,
Fotografías de Rogelio Arca.

Presenta: Xosé Lois Carrión
Intervén : Dionisio Pereira

11 de Abril - Paraninfo do I.E.S. Otero Pedrayo

20 horas

DA DITADURA Á DEMOCRACIA, PASANDO POLO
VOLTER

Presenta: Benito Losada

Intervén: Arturo Lezcano
Marcos Valcárcel

11 de Abril - Restaurante " Coliseo Xesteira" Cea da República

22,30 horas

HOMENAXE AOS ARTISTIÑAS

Condutores animadores: Eva Veiga
Mon Santiso
Ao remate da cea, baile cunha orquestra.

13 de Abril - Cemiterio de San Francisco

12 horas

HOMENAXE AOS REPUBLICANOS/AS FUSILADOS/AS

Ofrenda floral no Monumento na súa lembranza

Interveñen: Cristina Asenjo (acordeonista)
Xosé Lois Carrión

14 de Abril - Homenaxe aos Artistiñas, Praza Eirociño dos Cabaleiros Liceo de Ourense

**comezo 18 horas
remate 21 horas**

PASARÚAS REPUBLICANO, desde a Praza do Eirociño ao Liceo onde se rematará
coa lectura de poemas.

Interveñen: Sarabela e a MITEU
Dirección: Anxeles Cuña

25 de Abril - Sala Coliseo Xesteira

21 horas

CONCERTO ROCKPÚBLICA

Interveñen: Cuchufellos
Sonoro Maxín